

# Mercado de Nadal 2019

## Artesanía e regalos

---

### FICHA DA ACCIÓN

**Entidade promotora:** Departamento de Comercio. Concello de Santiago de Compostela.

**Obxecto:** Mercado de Artesanía e Regalos.

**Potenciais participantes:** Artesáns, produtores e comerciantes con capacidade para producir, exhibir e vender produtos artesáns e agasallos. Establecementos de hostalaría e *food trucks*.

**Datas de celebración:** Do xoves 26 de decembro de 2019 a domingo 5 de xaneiro de 2020, ambos incluídos.

**Horario:** Apertura diaria de 12:00 h a 14:00 h e de 17:00 h a 21:30 h agás:

— Día 31 de decembro: apertura só de mañá (12:00 h a 14:00 h)

— Día 1 de xaneiro: pechado

### BASES DE PARTICIPACIÓN

#### 1. A INICIATIVA E AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

O **Mercado de Artesanía e Agasallos de Santiago** celebrárase do xoves día 26 de decembro de 2019 ao domingo día 5 de xaneiro de 2020, na rúa Carreira do Conde de Santiago de Compostela.

O Mercado contará con 15 postos de venda instalados en casetas montadas especificamente para esta finalidade. Poderanse ademais instalar *food trucks* ou estruturas similares.

#### 2. CELEBRACIÓN

- 2.1. O mercado celebrarase na rúa Carreira do Conde de Santiago de Compostela, do 26 de decembro de 2019 ao 5 de xaneiro de 2020.
- 2.2. O horario de apertura será de 12:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:30 h, agás as datas que se sinalan a continuación, que terán horarios particulares:
  - Día 31 de decembro: horario de 12:00 h a 14:00 h.
  - Día 1 de xaneiro: pechado.
- 2.3. No caso de forza maior, as datas do mercado poderanse modificar, ou mesmo anular a súa celebración, sen que os expositores poidan presentar reclamación ningunha por presuntos danos consecuencia da anulación.
- 2.4. A participación no mercado implica a aceptación íntegra das presentes Bases e das decisións que adopte a Organización na súa interpretación, así como daqueles aspectos non previstos que poidan xurdir antes, durante e despois do evento, comprometéndose os expositores a adaptárense aos posibles cambios sobrevidos.

#### 3. EXPOSITORES. SOLICITUDES. CRITERIOS DE SELECCIÓN

- 3.1. O mercado contará en total con 15 casetas, que poderán complementarse con unha ou varias estruturas tipo *food trucks* ou similares, para a venda de bebidas e produtos de alimentación elaborados, quentes ou fríos.
- 3.2. Para os postos en caseta poderán presentar solicitudes os comerciantes, artesáns e produtores con capacidade para exhibir e vender produtos, creacións ou elaboracións, así como os expositores aos que fai referencia o apartado 3.2. destas Bases. Pode tratarse de sociedades ou persoas físicas, sempre que estean legalmente constituídas ou regularizadas no réxime de traballadores por conta propia, na actividade económica que lles corresponda.
- 3.3. Para tomar parte no mercado é requisito indispensable cumprimentar a Solicitud de Participación en liña **antes das 23:30 h do luns día 4 de novembro de 2019**. Ao formulario de solicitud pódese acceder desde este enlace: **SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN**.
- 3.4. Ademais de cumprimentar a solicitud de participación, os solicitantes deberán remitir á Organización fotografías representativas dos seus produtos e máis proposta de decoración de Nadal do seu posto. Na proposta indícarase tipo de decoración e materiais a utilizar. As fotografías e propostas de decoración remitiranse ao correo electrónico **[mercadonadal@versalscq.com](mailto:mercadonadal@versalscq.com)**. A Solicitud de Participación non será válida se non se remite este material.
- 3.5. Solicitar participación non implica necesariamente que se acepte a Solicitud. En función dos postos dispoñibles e en beneficio do mercado, entre as solicitudes de participación presentadas realizarase unha selección por quendas aplicando os criterios:



- A calidade, materias primas, innovación e acabado dos produtos.
  - O proxecto de decoración do posto que se presente.
  - A idoneidade e carácter de Nadal das pezas.
  - O matiz artesanal e diferencial das coleccións.
  - A heteroxeneidade na selección final de participantes por quendas.
  - O feito de ser marcas con produción propia e realizada en Galicia.
  - A localización xeográfica da razón social dos expositores.
- 3.6. Os interesados poderán solicitar a información complementaria que precisen para valorar a súa participación no mercado no seguinte contacto: **mercadonadal@versalscq.com**.
- 3.7. Os solicitantes quedan informados e consenten expresamente que os seus datos sexan incorporados a un ficheiro para o seu tratamento automatizado relacionado cos fins exclusivos do obxecto da solicitude. Os solicitantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose á Secretaría Técnica do mercado, **mercadonadal@versalscq.com**.

#### 4. PRODUTOS PRIORITARIOS NO PROCESO DE ADMISIÓN DE SOLICITANTES

- 4.1. Para participación no Mercado de Artesanía e Agasallos de Santiago valorarase prioritariamente o carácter artesán dos produtos, así como a calidade, orixinalidade e produción a pequena escala, no caso de non ser produtos artesáns.
- 4.2. Ademais de expositores do sector da artesanía, seleccionaranse tamén expositores para:
- Postos de alimentación e bebidas.
  - *Foodtrucks* ou estruturas similares destinados á venda de alimentos e bebidas.

En ambos casos os expositores serán responsables da seguridade nocturna das súas estruturas. De consideralo preciso poderán montar e desmontar diariamente, sempre que se garanta a apertura ao público no horario recollido no apartado 1.2. destas Bases.

#### 5. QUENDAS E LISTA DE AGARDA

- 5.1. O mercado organizarase en 2 quendas:
- Quenda 5: Xoves 26 a luns 30 de decembro (5 días)
  - Quenda 6: Martes 31 de decembro a domingo 5 de xaneiro (6 días)
- 5.2. As solicitudes poderán realizarse para unha ou dúas quendas.
- 5.3. A adjudicación das quendas terá en conta as preferencias manifestadas na solicitude de participación, aínda que non será criterio exclusivo. Na distribución terase en conta o beneficio do conxunto do mercado e dos seus visitantes, propiciándose a diversidade de produtos á venda.
- 5.4. Os expositores non seleccionados pasarán a formar parte dunha lista de agarda, que será a utilizada para cubrir baixas e cancelacións.
- 5.5. É responsabilidade do solicitante especificar os produtos que destinan a cada unha das quendas que solicitan.
- 5.6. É requisito indispensable a participación na totalidade das xornadas das quendas adjudicadas. De non cumprirse este requisito a organización poderá cancelar a participación do expositor e ocupar o seu posto cun expositor da lista de agarda. De non comparecer todas as xornadas da quenda perderase o dereito á recuperación da fianza á que se fai referencia no apartado 5.3.

#### 6. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- 6.1. Adxudicadas as quendas, para poder participar no mercado é imprescindible acreditar que se desenvolve unha actividade económica regularizada, mediante:
- Copia DNI ou C.I.F.
  - Copia da última cota pagada do réxime de autónomos (ou réxime correspondente)
  - Certificado de epígrafes do I.A.E. no apartado correspondente.
  - Para novos artesáns e creadores, solicitude de alta nos epígrafes do I.A.E. correspondentes ou documento que acredite a data de comezo da actividade.
  - Carta de Artesán, de ser o caso.
  - Rexistro sanitario e autorización para a elaboración e/ou manipulación de alimentos.
  - Copia do seguro de responsabilidade civil.
- 6.2. É responsabilidade directa dos expositores o estrito cumprimento de todas as normativas referidas á venda polo miúdo, liquidacións e saldos, así como a normativa sanitaria, laboral e de obrigas tributarias.
- 6.3. A participación no Mercado é de balde para expositores e visitantes. Sen embargo, adxudicadas as quendas os expositores seleccionados deberán realizar o depósito dunha **fianza de 250,00 €**, que recuperarán íntegra ao remate do mercado agás nos casos que se especifican a continuación:
- Cancelación da súa participación no mercado con independencia das causas (vontade propia, imprevistos, urxencias ou causas de forza maior sobrevidas ao expositor).
  - Se a súa asistencia ao mercado produce danos, fallas ou perdas no seu propio espazo ou mobiliario, no espazo e/ou mobiliario doutros expositores ou na caseta de exposición. Neste caso, avaliaranse os custes aplicables e o expositor deberá aboar a diferenza, se existise.
- 6.4. A organización terá a facultade de excluír do mercado, ou retirar total ou parcialmente os seus produtos, aos expositores que non colaboren para favorecer o desenvolvemento do evento para visitantes, outros expositores e persoal da organización.
- 6.5. Unha vez realizada a selección de expositores os titulares serán informados pola organización e se lles remitirá o **Acordo de Participación**. Para que a confirmación de espazos e quendas sexa firme, o expositor debe remitir á organización o devandito acordo de participación asinado, acompañado da documentación acreditativa recollida nas presentes Bases e xustificante bancario de depósito da fianza. O acordo de participación remitirase por correo electrónico a **mercadonadal@versalscq.com**.

#### 7. DISTRIBUCIÓN DE EXPOSITORES. EXPOSICIÓN DE PRODUTOS. MÚSICA AMBIENTAL.

- 7.1. A distribución dos expositores seleccionados e a adjudicación de quendas será realizada pola Organización na procura do beneficio do conxunto do mercado.
- 7.2. É imprescindible e obrigatorio que os expositores adornen os seus postos con motivos de Nadal. Non cumprir esta obriga é razón de expulsión e perda de fianza. A exposición dos produtos deberá realizarse de xeito estético, orixinal, limpo e ordenado, seguindo o espírito do evento.
- 7.3. Nos postos asignados expoñeranse só os produtos aprobados. Queda expresamente prohibido ceder parte ou a totalidade do espazo adjudicado a outros artesáns, comerciantes ou empresas.



- 7.4. Non se permitirá a exposición de produtos que pola súa natureza poidan perturbar ao resto dos expositores, ou sexan susceptibles de deteriorar as estruturas, pavimento, paredes ou calquera outro elemento fixo ou móbil das casetas de exposición. No caso de existiren necesidades específicas de montaxe os expositores informarán á Organización, que revisará as peticións e tentará favorecelas, pero reservándose o dereito de autorizalas.
- 7.5. Non se permitirá a aplicación de colas ou disolventes en pavimentos nin paredes; nin a utilización de produtos perigosos, tóxicos ou inflamables.
- 7.6. No caso de que expositores utilicen música nos seus postos deberán ter en conta a normativa sobre dereitos de autor, sendo responsables das obrigas que se poidan derivar da súa reprodución. O volume será o axeitado para non molestar aos postos contiguos.
- 7.7. Todos os carteis informativos que se expoñan ao público nos postos deberán estar escritos en lingua galega.

## **8. ESPAZOS, HORARIOS DE MONTAXE E DE APERTURA AO PÚBLICO**

- 8.1. No que respecta aos postos en caseta, os expositores contarán con estrutura de madeira individual, con espazo cuberto de 2,80 m x 2 m. As casetas contan con ventás abatibles con sistema hidráulico que, estendidas, conforman un avance de 1,10 m. Dispoñen de mostrador (0,75 m de fondo) e entre 2 e 3 baldas para a exposición e venda dos produtos. Os expositores contarán con cartel de identificación coa súa denominación comercial, así como toma eléctrica.

- 8.2. Os expositores deberán atermos aos horarios de montaxe e recollida que se fixen desde a Organización.
- 8.3. Os expositores deberán atender estritamente aos horarios de apertura e peche ao público do mercado que figuran nestas Bases de Participación.
- 8.4. Os expositores asumirán os gastos derivados dos danos e fallos que poidan causar aos seus propios materiais ou produtos, ao material e postos doutros expositores, mobiliario e infraestruturas proporcionadas pola organización.

## **9. PROMOCIÓN E DIFUSIÓN**

- 9.1. Para facilitar a promoción do mercado en redes sociais e medios de comunicación, unha vez adxudicadas as quendas os expositores remitirán á Organización tres fotografías dos seus produtos máis representativos.
- 9.2. Os expositores autorizan a realización de fotografías e vídeos dos seus produtos durante a celebración do mercado, e ceden os dereitos de reprodución de todo o material gráfico e audiovisual que se realice para dar promoción á iniciativa.
- 9.3. A organización proverá aos participantes seleccionados un número limitado de bolsas de compras coa imaxe do mercado.

